


# PREVISIÓN SOCIAL



En CCOO, traballamos para que a Previsión Social sexa un instrumento máis que mellora as condicións laborais do persoal. Asumímolos desde a responsabilidade de ser o sindicato maioritario en BBVA



## en que estamos a traballar



### Negociación Colectiva

Concretamos unha proposta de **incremento anual da aportación do Banco ao Plan de Emprego** de 700€, 850€ e 1000€ para os anos 2019, 2020 e 2021, respectivamente. E a partir de ahí, dita aportación súbese ao 3% do nivel retributivo de cada traballador/a con un mínimo de 1000€. O Banco segue argumentando que é moito custo.



### Comisión de Control

**Analizamos anualmente qué fixo e cómo actuou a xestora**, tanto a parte actuarial do plan como a parte financeira.

**Aprobamos as contas** se todo se axustou ao pactado, porque así o marca a lei para todos os membros da comisión de control.

Que quede claro:

- **A aprobación ou non das contas trátase na comisión de control**
- **O incremento da aportación ao Plan, na mesa de negociación.**

O contrario é unha irresponsabilidade. Non mesturamos churras con merinas.

Insistimos en dotar ao Plan dunha **nova Declaración de Principios e Políticas de Investimentos ( DPPI)** que permite incorporar **novos activos** e dá énfasis a **criterios ambientais, sociais e de bo goberno** (criterios ASG). Tamén sobre **o exercicio dos dereitos políticos** (dereito de voto en xuntas de accionistas).

Reclamamos a **actualización das especificacións do plan**, creando un novo regulamento que incorporen os diversos acordos colectivos asinados dende o ano 2000. Queremos evitar a inseguridade xurídica. E os **informes de Auditoría** danos a razón de forma reiterada.

**Explicamos e recomendamos ao persoal sobre calquera problemática que nos expoñan**, relacionadas coas distintas contingencias que cobre o plan. Orientamos e asesoramos sobre qué opcións teñen no momento dunha xubilación, invalidez ou defunción.

## en que traballaremos



### Negociación Colectiva

En **seguir loitando por conseguir que a empresa aumente as achegas ao Plan**. Porque non hai incremento de custos. **Só ten que manter o gasto nas achegas** que, ano tras ano, se está aforrando por xubilación dos partícipes de colectivos con maior aportación:

Ano 2010: 37.979 partícipes → 58.248.000 € achegas promotor  
 Ano 2017: 41.432 partícipes → 44.608.000 € achegas promotor



### Comisión de Control

Faremos **propostas para potenciar a parte de responsabilidade social do Plan de Emprego**, co dobre obxectivo de mellorar a rendibilidade-risco de investimentos e cumprir tamén coa responsabilidade social do fondo. O obxectivo é aliñar os intereses individuais cos xenerais da sociedade.

Exporemos unha **Revisión Financeiro actuarial cada ano** pola complexidade e tamaño que ten o noso Plan de Emprego.

Defenderemos a importancia do análisis que se fai á nosa carteira, para obter un dato obxectivo sobre qué nota ten o noso plan de emprego en criterios ASG.

Seguiremos vixiantes na actuación da xestora, controlando o cumprimento da DPPI e dos investimentos que realiza. E non nos determos no **empeño de reclamar o exercicio dos dereitos políticos** das accións que temos en carteira. Temos dereito a exercer o noso voto en empresas das que se nutre o noso Fondo.

Porque sabemos o que comporta ser membros dunha Comisión de Control. Porque **somos persoas responsables que aceptamos o compromiso e as tarefas que iso supón**. Porque **somos persoas honestas e asumimos este labor con sensatez, madurez e coherencia**.



#ÉOMomento

VOTA